



#RumboFEGADACE
#RumboDanoCerebral

Atención sociosanitaria de proximidade para persoas con dano cerebral adquirido

Cara un modelo de autonomía persoal conectada e inclusiva



QUE É O PROXECTO RUMBO?

O Proxecto Rumbo é un proxecto piloto que propón implantar un novo modelo de apoio á autonomía persoal e ao coidado das persoas con discapacidade co obxectivo de manter ás persoas na súa contorna, facilitando formas de vida inclusivas en condicións de seguridade, accesibilidade e benestar.

COMO PARTICIPAR?



FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

Federación Galega de Dano
Cerebral (FEGADACE)
rumbo@fegadace.org
881 943 148

QUEN PODE PARTICIPAR?

Todas as persoas con dano cerebral adquirido que reúnan as seguintes condicións:

- Ser maior de 18 anos.
- Estar en fase crónica/mantemento, e presentar secuelas susceptibles de intervención por parte de persoal sociosanitario.
- Que se careza de recursos sociosanitarios/asistenciais e/ou asociativos especializados na súa contorna.
- No caso de existir eses recursos, que a asistencia aos mesmos se vexa limitada por:
 - o Motivos económicos.
 - o Motivos de acceso por razóns de distancia, accesibilidade, mobilidade ou dependencia dunha terceira persoa, entre outras.

COMO O IMOS FACER?

Este proxecto está financiado por fondos da Unión Europea e polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030. As actuacións levaranse a cabo no domicilio e na contorna natural das persoas beneficiarias e non terá custo para elas.

As principais actuacións enfocaranse en:

- Servizos sociosanitarios de Logopedia e Terapia Ocupacional.
- Realización de actividades formativas que fomenten o empoderamento e a autonomía das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.
- Información, orientación e asesoramento en: accesibilidade na vivenda, recursos dispoñibles, promoción da cidadanía activa.
- Impulso da participación comunitaria mediante xornadas de sensibilización e lecer inclusivo.